



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "SERVIZO DE DOCENCIA PARA A IMPARTIÇÃO DE ACCIONS FORMATIVAS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL". XUSTIFICACIÓN DE VIABILIDADE DE PROPOSTAS ECONÓMICAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Tui e ás nove horas e trinta minutos do día 29 de xullo de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o coordinador dos cursos de formación ocupacional D. Cesar Estévez Viñas e o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª Carmen López Villar.

De conformidade co acordado na Mesa de Contratación de 10/07/2014, correspondente á apertura da proposta económica das empresas presentadas á licitación, se procedeu ao requirimento da viabilidade das ofertas presentadas polas empresas que se citan a continuación, por consideralas anormais ou desproporcionadas, de conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación:

- .- Norformación, S.L, por importe de 31.875,90€.
- .- G12 Grupo Empesarial de Servicios, S.L., por importe de 31.875,90 €.
- .- Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forGA), por importe de 31.481,59€.

As tres empresas citadas presentan documentación a efectos de xustificación de viabilidade da oferta económica, e unha vez que polo coordinador dos cursos de formación ocupacional se deu o visto e prace á documentación presentada, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Admitir as ofertas económicas presentadas por:

- .- Norformación, S.L, por importe de 31.875,90€.
- .- G12 Grupo Empesarial de Servicios, S.L., por importe de 31.875,90 €.
- .- Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forGA), por importe de 31.481,59€.

2º.- **Propoñer á empresa "Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forga)", CIF G36818367, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en avda. do Aeroporto, nº 92, 1º andar, cp 36206 Vigo, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.**

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Carmen López Villar.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O COORDINADOR DOS CURSOS DE FORMACION O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO
OCUPACIONAL.

Asdo: Cesar Estévez Viñas.

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez